



Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego

Resumo de resultados 11/10/2024

Índice

Introdución.....	1
Coñecemento do galego	2
Uso habitual e inicial do galego	4
Uso do galego no ámbito familiar	8
Uso do galego no ámbito social.....	9
Uso do galego no ámbito laboral	10
Uso do galego no ámbito educativo	11
Uso do galego nos medios de comunicación e en internet.....	12
Fogares e idioma.....	13
Percepción do uso do galego na sociedade.....	15
Áreas e grandes concellos.....	16

Introdución

A [Enquisa estrutural a fogares \(EEF\)](#) é unha actividade estatística anual dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dúas partes: unha primeira de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñada para recoller información sobre variables básicas, e unha segunda de carácter específico.

No ano 2023 un dos módulos específicos está dedicado ao coñecemento e uso da lingua galega. Neste módulo analízanse, entre outras cousas, o grao de coñecemento do idioma galego nas súas distintas formas (oral e escrito) e o seu uso en distintos ámbitos sociais.

Coñecemento do galego

No ano 2023 o 51,28% dos galegos e das galegas de 5 ou máis anos manifesta que sabe falar o galego moito, o 32,11% bastante e o 16,60% pouco ou nada. Entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe de persoas que saben falar pouco ou nada o galego sitúase no 32,44%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos sitúase no 11,73%.

Persoas que saben falar galego por idade. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Idade	Total	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Total	100	51,28	32,11	16,60
De 5 a 14 anos	100	27,43	40,13	32,44
De 15 a 29 anos	100	54,68	29,84	15,48
De 30 a 49 anos	100	55,12	26,54	18,35
De 50 a 64 anos	100	53,56	31,36	15,08
De 65 ou máis anos	100	51,13	37,14	11,73

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma por enfermidade ou discapacidade.

A familia segue a ser a principal vía de aprendizaxe do idioma galego. O 79,10% dos galegos e das galegas aprendeu a falar o galego neste ámbito, pero ao cinxirse á poboación menor de 50 anos a escola supera á familia como medio de aprendizaxe: o 83,27% das persoas de 30 a 49 anos aprendeu o galego na escola e no grupo de 5 a 29 anos a porcentaxe é aínda maior (sitúase no 95,74%).



Persoas segundo os medios polos que aprenderon a falar en galego por idade. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Idade	Familia	Escola	Amigos, veciños	Traballo	Outros
Total	79,10	56,68	39,57	12,07	8,95
De 5 a 29 anos	64,18	95,74	26,13	3,53	3,64
De 30 a 49 anos	76,57	83,27	40,19	17,18	10,41
De 50 a 64 anos	82,99	45,57	43,92	15,75	11,71
De 65 ou máis anos	90,18	8,84	45,95	10,69	9,36

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que sabe falar galego. "Outros" fai referencia a "Cursos", "De xeito autodidacta" e "Radio e televisión galegas". A incidencia calcúlase, para cada grupo de idade, como a porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en galego por ese medio sobre o total de persoas que saben falar en galego dese grupo de idade.


Uso habitual e inicial do galego

En 2023 o 24,37% da poboación de Galicia fala sempre en galego. Esta porcentaxe é inferior á rexistrada hai 5 anos en 6,2 puntos.

A porcentaxe de poboación que fala máis galego que castelán aumentou 0,14 puntos respecto ao ano 2018 ata situarse no 21,86%; tamén aumentou a porcentaxe dos que falan máis castelán que galego: 23,32% en 2018 e 24,11% en 2023. Con todo, a categoría que máis subiu entre 2018 e 2023 foi a das persoas que falan en castelán sempre, situándose no 29,66% dos e das residentes en Galicia, 5,26 puntos porcentuais máis que en 2018.

Evolución da porcentaxe de persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

O uso do galego é desigual dependendo da idade da poboación. Deste xeito, o 40,34% das persoas de 65 ou máis anos fala habitualmente só en galego e un 27,58% utiliza máis o galego que o castelán. Pola contra, entre os rapaces e as rapazas de 5 a 14 anos, o 7,04% habitualmente sempre fala en galego, o 9,15% máis en galego que en castelán e o 83,81% restante utiliza sempre o castelán ou máis castelán que galego.

Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente por idade. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Idade	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Total	24,37	21,86	24,11	29,66
De 5 a 14 anos	7,04	9,15	30,14	53,67
De 15 a 29 anos	11,97	16,21	28,81	43,01
De 30 a 49 anos	17,68	20,31	29,10	32,91
De 50 a 64 anos	26,99	24,81	23,78	24,41
De 65 ou máis anos	40,34	27,58	15,15	16,93

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))


Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. Non se inclúe "Outras situacións": "Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos" por falta de tamaño de mostra.

No tocante á lingua habitual de escritura, o castelán segue a ser a lingua máis utilizada polas persoas que viven en Galicia. A porcentaxe de poboación que habitualmente escribe en galego é do 15,33%.



Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non sabe ou non pode escribir na actualidade. "Outras situacións" inclúe "Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas".

Ao comparar os datos segundo a lingua na que falan habitualmente, obsérvase que entre as persoas que sempre falan en galego, o 38,62% escribe habitualmente na mesma lingua e o 61,38% faino en castelán.



Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente por lingua na que falan habitualmente. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Lingua na que falan	Lingua na que escriben		
	Total	Galego	Castelán
Total	100	15,75	84,25
En galego sempre	100	38,62	61,38
Máis galego ca castelán	100	27,75	72,25
Máis castelán ca galego	100	2,04	97,96
En castelán sempre	100	0,34	99,66

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non sabe ou non pode escribir na actualidade nin a que non pode falar un idioma na actualidade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.



Uso do galego no ámbito familiar

O 38,42% da poboación de Galicia que ten fillos ou fillas fálalles en galego sempre, o 35,49% sempre en castelán, o 13,75% máis castelán que galego e o 10,49% máis galego que castelán. No tocante aos fillos e ás fillas, cabe destacar que arredor do 32% fala sempre en galego cos seus proxenitores e arredor do 43% sempre en castelán.

Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito familiar. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Ámbito familiar	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre	Outras situacións
Nai	32,16	8,22	12,93	43,40	3,29
Pai	30,79	9,02	13,04	43,70	3,44
Avós	30,36	10,16	14,99	40,61	3,88
Fillos	38,42	10,49	13,75	35,49	1,84
Irmáns	38,42	8,32	11,19	38,99	3,09
Parella	38,49	8,98	12,28	38,12	2,13

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. O uso do galego cos fillos, coas fillas e coa parella fai referencia á poboación de 16 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. "Outras situacións" inclúe: "Castelán/galego e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos".

Uso do galego no ámbito social

Dentro do ámbito social, o uso exclusivo do galego está máis estendido nas relacións entre amigos. O 28,43% da poboación de Galicia habitualmente fala sempre en galego cos amigos e coas amigas. Porén, o 39,65% comunícase co profesorado dos seus fillos e fillas exclusivamente en castelán e o 35,97% sempre utiliza este idioma cos especialistas sanitarios.

Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito social. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Ámbito social	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Amigos	28,43	17,54	20,57	33,46
Comerciantes	24,79	19,54	21,78	33,89
Médicos	22,19	20,28	21,55	35,97
Profesores dos seus fillos	17,00	18,88	24,46	39,65
Persoal da administración	22,36	22,88	21,00	33,76
Persoal da banca	22,53	20,03	21,35	36,09

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos no caso de "amigos" e "comerciantes", á poboación entre 20 e 64 anos no caso de "profesores dos seus fillos" e de 16 ou máis anos no resto. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.



Uso do galego no ámbito laboral

No referente ao ámbito laboral, o 22,41% das persoas ocupadas de Galicia fala sempre en galego cos compañeiros e coas compañeiras de traballo e o 21,53% utiliza máis galego que castelán. A porcentaxe das persoas que falan sempre en galego ou máis galego que castelán cos seus superiores sitúase no 39,11%.

Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito laboral. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Ámbito laboral	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Compañeiros de traballo	22,41	21,53	24,31	31,76
Persoal ao seu cargo	21,46	20,49	25,86	32,19
Superiores	19,95	19,16	23,17	37,73
Clientes	15,90	27,09	30,34	26,67

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que ten traballo na actualidade en Galicia. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.



Uso do galego no ámbito educativo

No ámbito educativo a utilización de ambos idiomas, galego e castelán, é bastante parella: o 56,63% das persoas que estudan en Galicia recibe a mesma proporción de clases en galego que en castelán. Agora ben, se diferenciamos pola idade da persoa e, por conseguinte, por nivel educativo, esta porcentaxe cambia: sobe ata o 67,09% para a poboación de 5 a 16 anos, pero baixa ata o 40,26% entre a poboación de 17 ou máis anos. Este colectivo recibe o 43,93% das clases en castelán ou maioritariamente neste idioma.

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que reciben as clases por idade. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Lingua	Total	De 5 a 16 anos	De 17 ou máis anos
Total	100,00	100,00	100,00
Todas en galego	0,98	0,90	1,12
Maioritariamente en galego	12,91	11,76	14,70
Igual en galego ca castelán	56,63	67,09	40,26
Maioritariamente en castelán	26,00	18,29	38,06
Todas en castelán	3,49	1,96	5,87

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que recibe ensino regrado na actualidade en Galicia. Non se inclúe a poboación que non recibe clases en galego nin en castelán. Non se inclúen as materias de idiomas (galego, castelán) nin as recibidas en idioma distinto de galego e castelán.

Uso do galego nos medios de comunicación e en internet

Segundo se desprende da enquisa, o 18,57% da poboación galega de 16 ou máis anos ve a televisión sempre en galego ou máis en galego que en castelán, aínda que hai un 34,41% que sempre a ve en castelán. Á hora de escoitar a radio, o 15,13% faino sempre en galego ou maioritariamente en galego.

O uso do galego está menos estendido noutros medios de comunicación. O 55,38% dos e das residentes en Galicia de 16 ou máis anos sempre le a prensa en castelán e o 56,42% só le libros en castelán.

Tamén o castelán é a lingua máis usada no emprego das redes sociais e de internet: o 57,45% navega pola rede sempre neste idioma; o 60,26% emprégao sempre nas redes sociais; o 68,06% só ve contidos audiovisuais en castelán; este é o único idioma empregado polo 74,85% das persoas enquisadas para o uso da banca electrónica e do 62,60% das persoas nas súas comuninacións electrónicas coa administración.

Persoas segundo a lingua que utilizan nos medios de comunicación e en internet. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Medios	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Ver a televisión	3,13	15,44	47,01	34,41
Escoitar a radio	3,35	11,78	41,13	43,74
Ler a prensa	0,68	3,86	40,08	55,38
Ler libros	0,72	4,07	38,79	56,42
Navegar por internet	0,71	6,01	35,83	57,45
Redes sociais	4,75	12,68	22,31	60,26
Ver contidos audiovisuais	0,73	2,86	28,35	68,06
Ler periódicos galegos por internet	4,68	6,89	26,98	61,45
Usar a banca electrónica	5,96	5,35	13,84	74,85
Usar a administración electrónica	5,93	11,81	19,66	62,60

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que realiza esa actividade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

Fogares e idioma

En 2023, no 17,29% dos fogares galegos todos os seus membros de 5 ou máis anos falaban habitualmente só en galego. Esta porcentaxe diminuíu 5,41 puntos respecto ao ano 2018. Porén, falaban habitualmente só en castelán no 18,82% dos fogares galegos, 4,42 puntos máis ca en 2018.

Evolución da porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só en castelán ou só en galego. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)

Lingua	2003	2008	2013	2018	2023
Só en castelán	11,40	13,53	14,70	14,40	18,82
Só en galego	35,04	24,32	22,21	22,70	17,29

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego (descarga da táboa para o [galego](#) e para o [castelán](#))

Nota: non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. A incidencia calcúlase como a porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só castelán ou só galego sobre o total de fogares de Galicia.

A porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego é maior nos concellos pequenos que nos grandes. Así, nos concellos con menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe ascende ao 34,69%; pola contra, nos concellos de máis de 50.000 habitantes baixa ao 4,92%.



Fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego por tamaño de municipio. Galicia. Ano 2023

Unidade: número de fogares, porcentaxe (%)

Tamaño	Número	Incidencia
Total	186.112	17,29
Menos de 10.000 habitantes	103.788	34,69
Entre 10.000 e 20.000 habitantes	40.078	19,67
Entre 20.000 e 50.000 habitantes	22.202	13,34
Máis de 50.000 habitantes	20.044	4,92

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. A incidencia calcúlase, para cada categoría e Galicia, como a porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego sobre o total de fogares desa categoría e Galicia.

Percepción do uso do galego na sociedade

O 33,47% da poboación galega de 16 ou máis anos considera que na actualidade se fala pouco ou nada o galego. Esta porcentaxe é maior na provincia de Pontevedra, cun valor de 39,15%. No outro extremo atópase a provincia de Lugo, onde a porcentaxe baixa ata o 22,75%.

Por outra banda, o 25,87% da poboación galega considera que na actualidade se fala máis galego que hai 5 anos, para o 49,02% a percepción do uso do galego non variou neste intervalo de tempo e, finalmente, o 25,12% restante cre que se fala menos galego que no ano 2018.

Persoas segundo a percepción de uso do galego na actualidade. Galicia e provincias. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Uso	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Moito	7,86	9,92	7,03	12,93	4,03
Bastante	26,55	27,84	32,36	29,66	21,96
Normal	32,12	29,37	37,86	27,72	34,86
Pouco ou nada	33,47	32,87	22,75	29,69	39,15

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))


Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.

Áreas e grandes concellos

As áreas da Coruña suroriental e da Costa da morte son as que presentan maiores porcentaxes de poboación que fala habitualmente en galego sempre ou máis galego que castelán, cun 82,97% e un 84,92%. No outro extremo atópanse a área de Vigo, cun 20,13%, a área da Coruña, cun 25,04%, e a área de Ferrol-Eume-Ortega, cun 28,39%.

Persoas que falan habitualmente en galego sempre ou máis galego que castelán. Áreas. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

O concello, de entre os 7 de maior tamaño de Galicia, onde unha maior porcentaxe de poboación fala habitualmente en galego ou máis galego que castelán é Lugo (o 39,25% da poboación de 5 ou máis anos deste concello) e no que menos se emprega este idioma é Vigo (o 13,46%).



Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Grandes concellos. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Concello de Ferrol	7,04	6,56	24,61	61,78
Concello da Coruña	4,52	10,96	24,92	59,60
Concello de Santiago de Compostela	22,82	21,70	30,32	25,17
Concello de Lugo	16,25	23,00	33,37	27,38
Concello de Ourense	8,21	29,66	35,85	26,28
Concello de Pontevedra	4,40	18,77	44,44	32,40
Concello de Vigo	3,91	9,55	35,67	50,87

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma na actualidade por enfermidade ou discapacidade. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EEF_gl.pdf



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto:

<https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>